

O CANDIL

Xaneiro 1996

Nº 8



VÍCTOR SAID ARMESTO

1871 - 1914

Con esta pequena reseña dun grande home, crítico literario, orador, recopilador das nosas tradicións musicais coma ninguén, ... queremos sacar do esquecemento colectivo e amosar unha nova faceta que axudou a dar sentido á nosa cultura do último século.

Víctor Said Armesto troulou na súa infancia polos camiños da Graña, Trassouto,... e achegouse como os demais nenos a velos traballos que na ‘praia’ se facían a diario coas artes de pesca, o acarrexo do sal e demais útiles para as ‘salazóns’.

Estamos seguros que Víctor levou, como parte da súa existencia, esas imaxes de Bueu impresas na súa retina, esas felices lembranzas infantís, esa formación de home traballador que dá o exemplo dun pobo sufrido e laborioso.

Subliñar que os textos en cursiva corresponden literalmente ó expresado polos autores de referencia dos epígrafes. Aproveitáronse os textos para, como actividade de aula, foran traducidos ó galego normativizado polos alumnos de sétimo e oitavo de EXB. As fotografías case todas sacadas de publicacións do Museo de Pontevedra, de xornais ou multicopia dos libros citados.


O noso agradecemento a tódalas persoas que colaboraron con nós, e que sen eles seríanos moi difícil poder realizar este tipo de traballos....

A bibliografía e fontes de consulta empregadas están indicadas nos “pé de páxina”.

***“Sombras de infancia en señorío
flotaban nos aires da memoria
ata desdebuxarse, hoxe, en vergoña
dun Víctor recuperado da historia.”***

Coordina:	Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran:	Equipo de Normalización Lingüística Benito Fernández Alonso X. Luis F. Aldegunde e X. Manuel Cerviño Meira
Patrocina:	Dirección Xeral de Política Lingüística
Dep. Legal:	PO-2-96
ISSN :	1137-1994

VÍCTOR SAID ARMESTO



"Aquí en **Bueu**, como unha cuncha de pelegrín no verde saial da paisaxe, érguese a casona que incluiu os anos mozos deste pelegrín que se chamou Víctor Said Armesto, tráenos unha lembranza transcendente e nostálgica. Se a mansión onde viviu o insigne escritor tivera para Galicia -esta Galicia que aspira a darlle unha realidade de mito- a súa máxima expresión, as bandeiras de tódolos módulos galaicos despregarían as súas cores no seu entorno.

A xuventude de Víctor Said, errática, rabuda e sentimental, deixou nas vellas e frías paredes dos seus salóns a calor arrebatada do seu espírito...

Evocando a egrexia figura de Víctor Said Armesto, dicía Joaquín Pesqueira que hai homes amados polos deuses que, con méritos ou sen méritos pasan pola vida roubando os éxitos e as admiracións e hai outros homes, en cambio, que con máis dereitos e maiores méritos viven e morren inadvertidos, a marxe, case esquecidos.

Dos segundos é excelente exemplar Víctor Said Armesto. En efecto, Said Armesto foi sempre un home malfadado, desafortunado. Nunca lle sorriu a fortuna, nin a felicidade, nin a alegría. E non obstante, foi o máis completo e perfecto espécime de home sabio que tivo Galicia nos últimos ... anos."

("El recuerdo de Víctor Said Armesto" de Johan Carballeira en *El Pueblo Gallego* do 5-7-1934 páx. 15)

"Non coñecín a Said Armesto e confeso que non consigo velo nin ó través de retratos variados nin das máis diversas e íntimas referencias. Nuns aparece elegante e señoril, moi á moda do seu tempo, con alto colo almidonado, ancha gravata de lazo, ben peiteado e con longo e fino bigote á ultima; noutros míraselle enfundado no gabán de erguido colo, cos lentes non moi ben situados e ese grácil abandono dos intelectuais bohemios do ateneo da nosa nenez; uns dinme que era serio e doutoral, como correspondía a un profesor daqueles tempos; os máis que era alegre, xoguetón e aberto. Era desde logo, home dunha cultura inmensa, entusiasta e ardoroso republicano e ateo da cabeza ós pés..."

("El hogar de Said Armesto" de Álvaro de las Casas en *El Pueblo Gallego* do 28-8-1935 páx. 9)

"Eu que seguí ó infortunado amigo case que desde a cuna, sei ben o que valía e canto ó perdelo perdeu Galicia"

(Cita Murguía en: "Víctor Said y la cultura gallega" de Martínez Risco. Museo Pontevedra-1972 páx. 46)

*¿A biografía, a historia de Víctor Said Armesto? ¡A dun loitador pola vida e o ideal!*¹




Víctor Said Armesto

Víctor Hipólito Saiz Armesto (Said desde 1895) naceu nunha casa da rúa Sarmiento, de Pontevedra, ás nove da mañá do día 13 de agosto de 1871. Seu pai foi Federico Saiz Sánchez, catedrático de Ciencias da Escola Normal de mestres, natural de Morata de Tacuña, na provincia de Madrid. Súa nai foi dona Amalia Armesto e Aldán, da nobre familia dos Aldao do Morrazo, en **Bueu**². A casa dos Aldao, unha das catro liñaxes (Puente-Aldao e os Gago-Agulla) que elixían, coa Xustiza e Reximento, os alcaldes da vila, na ordenación municipal da vella Pontevedra³. A súa infancia transcurriu nesta fermosa vila estival, no pazo do Casal, solar dos Aldao, na estrada que vai de Pontevedra a Cangas ó lado da súa avoa, dona Carmen Aldao⁴, de seu avó don Constantino e seu tío Indalecio Armesto.

A súa nai, dona Amalia Armesto, coñecida como dona Amalia Aldao, o que indica a grande parte do prestixio que rodea o nome e a memoria de Víctor Said Armesto, reflíctese en **Bueu**, na bela vila de **Bueu**, á que tanto quería o ilustre crítico⁵. Dona Amalia, dama de temperamento e cualidades extraordinarias, de quen herdara unha grande sensibilidade artística, incluída a pintura e a música⁶.

A súa avoa, Doña Carmen Aldao Sarmiento, herdou o pazo dos “Picos” do seu irmán José Joaquín falecido solteiro no ano 1895, así como o dereito ó marquesado de Monteleón⁷.

Seu avó, Constantino Armesto (Pontevedra 1853-Madrid 1900) tivo grande influencia na vida pública pontevedresa da segunda metade do século XIX. Como xornalista fundou os xornais “La Revista”, un dos primeiros de Pontevedra, e “El Propagandista” (1859); colaborou na prensa galega (El Progreso, La Voz del Pueblo, El Derecho) e madrileña (La Democracia, El Crédito, La Discusión, etc.). Como político fundou o Partido Republicano en Pontevedra aínda que máis tarde pasouse ó Partido Liberal de Sagasta. Foi gobernador de Ourense, Girona, Alicante, Córdoba e San Sebastián, así como Deputado en Cortes.



BUEU: Pazo do Casal ou ‘dos Picos’

¹ “Un juízo de *La Mañana*” en *La Libertad de Pontevedra* o 13-8-1914

² “Un gran gallego: Víctor Said Armesto” de Joaquín Pesqueira en *El Pueblo Gallego* do 10-11-1929 pág. 8

³ “Víctor Said Armesto” por José Filgueira Valverde. *Museo de Pontevedra* Tomo XIX 1968 pág. 105

⁴ “Un gran gallego: Víctor Said Armesto” de Joaquín Pesqueira en *El Pueblo Gallego* do 10-11-1929 pág. 8

⁵ “Una aclaración” de Joaquín Pesqueira en *Faro de Vigo* do 16-11-1927 pág. 1

⁶ “Calles de Pontevedra: Víctor Said Armesto” de Pepi G. Clavijo en *Diario de Pontevedra* do 7-8-1994

⁷ “Vida y obra de Víctor Said Armesto” de F. Díaz-Plaja (A Coruña 1993) pág.15

Escribiu “Amor y Agradecimiento”, drama en cinco actos sobre as guerras de Flandes, que non chegou a ser estreado nin impreso.¹

Víctor, risidiu cos seus pais na casa que os Aldao tiñan na Praza da Ferrería en Pontevedra. Separados estes quedou con Don Federico; súa nai foise a vivir a Madrid pero sen descoidar as visitas frecuentes para facer un seguimento da educación do seu fillo. Ante esta situación os seus avós maternos deciden, co consentimento dos pais, levalo a vivir con eles ó pazo de **Bueu**, onde se atopou co que sería o seu fogar de referencia. “Mamá Carmen” e “Papá Constantino” foron os que mantiveron economicamente e coidaron da educación do seu neto “Vitiño” como se deduce da correspondencia que ó longo dos seus estudos mantiveron.

O “tío” Indalecio (1837-1890), filósofo “hegeliano” que asumía todo o prestixio “avanzado” da “Pontevedra moderna”,² é, sen dúbida, a figura máis sobranceira do pensamento decimonónico galego, e quizais, do mesmo pensamento español; e pese a iso, é case descoñecida no noso século a tódolos niveis; .home de fonda erudición, de enorme amplitude de coñecementos, de talante polémico incansable...deixou tras del unha longa obra -algunha inédita, outra difícil de identificar ó aparecer sen firma en xornais e revistas- publicada, a meirande parte dela, na prensa diaria e en revistas de divulgación, folletíns, etc. En concreto é preciso salientar, pola súa magnitude e densidade, a obra netamente filosófica “Discusiones sobre Metafísica” (1878)³ escrita expresamente para Víctor Said como o mesmo autor reconece na dedicatoria do libro: “Catro cousas propúxenme realizar neste libro, **que escribín expresamente par ti:**



Indalecio Armesto Cobián
Museo de Pontevedra

- tratar con claridade as máis importantes cuestións da Metafísica...
- Dar unha idea, exacta no posible, do estado da ciencia.
- Aforrarche a lectura de moitos libros...
- Facerche agradable o estudio...”⁴

Indalecio Armesto (o primeiro exilado político na Arxentina⁵) no eido da política defende as ideas republicanas ou como dirá del mesmo non ser máis ca un socialista educado na escola de Proudhon⁶.

Indalecio advirte no seu sobriño un talento e precocidade fóra do común e convértese no seu preceptor e mestre... co seu ‘tío’ paseaba, dialogaba, discutía...⁷

Ós oito anos, por Real Orde de 10 de novembro de 1879, concédeselle, a Víctor Said, gracia de aspirante de Mariña con uso de uniforme.⁸

¹ (J.A.D.) Enciclopedia Gallega. Tomo I páx.193

² “Víctor Said Armesto (1871-1914)” por José Filgueira Valverde. Museo de Pontevedra. Tomo XIX -1968 páx. 105

³ “Indalecio Armesto: Filósofo, Republicano, Masón” X.Luis Barreiro Barreiro (Santiago, 1991) páx.39

⁴ “Discusiones sobre la Metafísica” de Indalecio Armesto (Pontevedra, 1878)

⁵ “Los Gallegos en la Argentina” de A. Vilanova Rodríguez .Tomo II páx. 784

⁶ “Indalecio Armesto: Filósofo, Republicano, Masón” X.Luis Barreiro Barreiro (Santiago 1991) páx.44

⁷ “Víctor Said Armesto (Datos para una biografía)” de M.E.Said Santoro. (Madrid 1971) páx. 13-14

⁸ “Víctor Said Armesto (Datos para una biografía)” de M.E.Said Santoro. (Madrid 1971) páx. 13

Víctor Said que estudou por ensinanza libre, Said é tamén unha das máis preclaras figuras que saíron da nobre Universidade Compostelá. Nela licenciouse en Filosofía e Letras (1899) e Dereito, e nela organizou e presidiu a tuna máis importante e decente que se recorda en España¹. Doutorouse en Madrid.


ERASE UNHA VEZ QUE...

Don Castor Sánchez, de Ribadavia, xefe do carlismo Ourensán entablou amizade con “Don Pedro Martínez Casal, notable político pontevedrés, ... quen o invitou ás festas da Peregrina. Don Castor acudiu coas súas fillas, Benigna e Teresa, e as súas achegadas parentas Rafaela e Amadora Santoro...

... o simpático xove Antonio García Varela -como dirían os xornais de entón- ronda a Tere-sita. Pepe Lino a Benigna, o sobriño do escritor e filósofo D. Indalecio Armesto -Víctor- a Amadora. e o xove Julián Besteiro a Rafaela. Os tres primeiros casan coas noivas daquelas festas...

San Benito de Cuñas, entre Ribadavia e Leiro, a dous quilómetros da abadía de SanClodio, é unha aldea pequena e rica, de bos viños e bodegas renombradas.

En Cuñas hai unha grande casa, de traza fidalga, onde vive Don Rafael Santoro señorón de fuste, labrego de pro. A casona ten un belo balcón de pedra que mira ó Norte e outro que vislumbra ó río. Nese balcón, máis pequeno e recollido e baixo, asomábase Amadora Santoro Borrajo, a pequena da casa, para escoitar galanteos de noivado. Víctor Said chegaba a pé desde Ribadavia e sentado nas pedras do muro, que os aldeáns mostran con orgullo, deslucaba as súas longas horas de charla.



Pedra de armas da casa de Cuñas

Aconteceu a boda (1902) e Said Armesto pasou nesta casa, en veráns longuísimos, as mellores horas da vida...²

Ó casar non ten máis remedio que facer oposicións a cátedra de Instituto para sobrevivir³...

O 5 de xuño de 1906 obtivo co número un á cátedra de ‘Lengua y Literatura Castellana’, exercendo a docencia nos Institutos de Reus, León e logo, por permuta en Pontevedra. En Pontevedra foi profesor e compañeiro de grandes personalidades:

- Said Armesto foi o noso (de Joaquín Pesqueira) directo mestre, como o foi tamén de centos de galegos que viven na Arxentina ... explicounos unha tempada Historia de España, como ningún logo soubo explicar mellor⁴.

¹ “Un gran gallego: Víctor Said Armesto” de Joaquín Pesqueira en *El Pueblo Gallego* do 10-11-1929 páx. 8

² “El hogar de Said Armesto” de Álvaro de las Casas en *El Pueblo Gallego* do 28-8-1935 páx. 9

³ “Vida y obra de Víctor Said Armesto” de F. Díaz-Plaja (A Coruña, 1993) páx.176

⁴ “Un gran gallego: Víctor Said Armesto” de Joaquín Pesqueira en *El Pueblo Gallego* do 10-11-1929 páx. 8

- ... a súa explicación de cátedra -lembrada por tantos discípulos, o máis ilustre Sánchez Cantón- que lle facía desenrolar con amenidade temas dispares.¹
- Ramón Sobrino, ademais de director do instituto, no que profesou Víctor Said Armesto, é discípulo deste sabio polígrafo...²
- Foi nos principios do meu profesorado (García del Riego) no instituto en Pontevedra, no que coñecín a un xove mestre que chamou a miña atención polas condicións destacadas da súa intelixencia, da súa oratoria e dun fervoroso afán de saber.³

Ó crearse a cátedra de Lingua e Literatura Galega na Universidade Central, a petición entre outros de Menéndez y Pelayo, Giner de los Ríos e o deputado Vincenti obtivo brillantemente a praza⁴. O xornal 'La Libertad' faise eco deste evento como: "Este novo éxito non nos sorprendeu, por canto, os que coñecemos as relevantes dotes que atesoura Víctor Said, sabemos perfectamente que para el non hai nada difícil, e que en toda a empresa que tome parte, sae sempre victorioso.

A noticia do triunfo que acaba de acadar, foi recibida nesta capital, de onde é natural o señor Said, con grande satisfacción por tódolos pontevedreses, e as moitas felicitacións que con tal motivo lle dedican, unha a nosa moi entusiasta e sinxela ó amigo querido."⁵



VÍCTOR ORADOR

Víctor Said foi o mellor orador español do seu tempo, segundo Moret⁶. Era un grande orador e un bo conversador "falaba do que sabía, e era moito, sen esforzo nin violencia" escribía Luis Bello nun xornal madrileño,⁷ ou como dicía Ramiro de Maeztu "unha conversa dunha hora con Said Armesto equivale a unha semana de estudio".

Como complemento á súa labor pedagóxica realiza unha ampla tarefa como conferenciante que se inicia no 'Centro de Artesanos de Pontevedra' naqueles ciclos programados entre 1892 e 1896 sobre filosofía da Historia e da Arte e Ciencias Sociais, e remata, pouco antes da súa morte,

¹ "Víctor Said Armesto (1871-1914)" por José Filgueira Valverde. Museo de Pontevedra. Tomo XIX-1968 páx. 106'

² "El recuerdo de Víctor Said Armesto" de J.C. en *El Pueblo Gallego* do 5-7-1934 páx. 15

³ "Evocación de Víctor Said" por Vicente García de Riego (R.A.E). Museo de Pontevedra. Tomo XXVI-1972 páx. 50

⁴ "Pontevedra en el espejo del tiempo" de Xosé Fortes Bouzán (Pontevedra, 1995) páx. 334

⁵ "Víctor Said Armesto" en *La Libertad* de Pontevedra do 26-2-1914 páx. 2

⁶ "Víctor Said Armesto e o Concello" en *La Libertad* de Pontevedra o 23-7-1914 páx. 3

⁷ "Calles de Pontevedra: Víctor Said Armesto" de Pepi G. Clavijo en *Diario de Pontevedra* do 7-8-1994

con conferencias sobre Zorrilla, Lope de Vega e Tristán e Iseo na literatura rústica española, dentro do ciclo organizado no 'Ateneo de Madrid', por Jacinto Benavente.¹

Como dicía a Johan Carballeira o xornalista e conferenciante valenciano, Federico García Sanchíz referíndose a Said Armesto: *“este home é desmembrado, de lambida face engafada, có escurrido pergueño dun notario francés do século XIX, transfigurábase na tribuna. Podo asegurar que era o máis marabilloso conferenciante que coñecín. ..lima tódalas aristas do sonoro verbo castelán, e templa de tódolos matices a palabra, en Said dáse ese fenómeno. É así a linguaxe unha áxil esgrima.*²

*Ó parecer todos coinciden nesa forza da oratoria de Víctor Said Armesto capaz non só de convencer senón de impresionar incluso fisicamente ó auditorio,*³

VÍCTOR SAID POLÍTICO

Víctor Said viu de cerca o enfrontamento dialéctico entre as ideas contrapostas do liberalismo sagastiano (papa Constantino) e republicano (tío Indalecio), o seu espírito inquieto decantouse polas ideas deste último.

*Espírito progresivo, liberal, radical, desexaba unha España consciente, traballadora e afa-nosa de verdadeira rexeneración.*⁴

Ingresou no Partido Republicano e foi nomeado para representar á xuventude republicana de Pontevedra en diversas cidades: Santiago de Compostela, Madrid, etc. Proba de que esta labor foi feita axeitadamente témola na presentación do Centro da Unión Republicana de Santiago: *“...ergueuse a falar o entusiasta e ilustrado xove do Partido Republicano de Pontevedra e membro da Xuventude Republicana daquela cidade.*

... Do mesmo xeito que González Bravo dixo ó oír falar por primeira vez a Castelar: ‘eu saúdote xove democracia’ de igual xeito podería dicírselle ó Señor Saiz Armesto: ‘nos saudámoste xuventude ardente e xenerosa, esperanza segura da liberdade e da patria’.

*Con verbas fáciles e sonoras, con arrebatadora elocuencia, pronunciou un discurso cheo de belas imaxes e saturado de verdadeira doutrina democrática:.... ‘porque nós, rompendo abertamente co pasado e rachando o presente, camiñamos cos ollos fixos no porvir’ ”.*⁵

Víctor Said era un demócrata convencido e laborou moito, moitísimo, polos redentores ideais de Libertade e Progreso. No centro da Xuventude Republicana- naquela época en que aquí había unha xuventude verdadeiramente republicana- deu o noso chorado amigo multitude de conferen-

¹ “Pontevedra en el espejo del tiempo” de Xosé Fortes Bouzán (Pontevedra, 1995) páx. 334

² “Una charla con Federico García Sanchiz: Evocación de Said Armesto” de Johan Carballeira en *El Pueblo Gallego* do 24-8-1929 páx. 1

³ “Vida y obra de Víctor Said Armesto” de F. Díaz-Plaja (A Coruña, 1993) páx.130

⁴ “Dietario de un Madrileño: Said Armesto” por Arturo Álvarez. *La Voz de Galicia* Edic.Coruña. 20-7-1914 páx.1

⁵ *Unión Republicana* do 1-8-1892 páx. 1

*cias cando era un neno, na idade na que os seus camaradas se dedicaban a correr, Víctor ilustraba a unha xuventude que era bastante máis vella...*¹


Ó longo de toda a súa vida, Víctor Said propagou en folletos, artigos e discursos as ideas democráticas².

Na honra do Partido Republicano Radical temos que dicir que un home que nin siquiera é galego, fixo xustiza ós méritos de tan notable pontevedrés e ese home foi Lerroux³, quen lle propuxo presentarse a deputado por Zaragoza para que a súa verba poderosa lucira no Congreso. Said Armesto non aceptou o ofrecemento⁴ máis, como nos conta J. Sánchez de Castro, apoiou ó partido durante a campaña electoral: recibindo numerosos aplausos e mostras entusiastas de admiración e cariño en Cáceres, Trujillo, Madrid, El Escorial (onde foi sacado a ombreiros) ... eventos que recompilou a prensa da época, desde El Liberal ata El Globo, otorgándoselle a honra de ser nomeado presidente da Xuventude Republicana Nacional⁵.

Desde logo podo asegurar, o través de testemuñas inmejorables, que en certas eleccións intentou presentar a súa candidatura polo distrito de Ribadavia, animado e apoiado polo seu amigo Vincenti.⁶

VÍCTOR SAID RELIXIÓN - MASONERÍA

Respectando o ámbito de crenza persoal, queremos sinalar, a xeito de anécdota significativa, que no ano 1896 o cura párroco de Bueu, Cándido Masenlle, da conta os seus superiores da lista dos veciños (entre os que se atopa Said) que non cumpriron co Precepto da comunión Pascua, "significándose ademais polos seus alardes de impiedade".⁷



Portada do libro de Said

En canto á masonería: Víctor, en Madrid, no “taller“ “Comuneros de Castilla”, seguindo os pasos familiares, sobre todo, do seu tío Indalecio -pertencente este á Loxia Masónica Helénica 63-, tomou como “simbólico” o mesmo que tivera o seu tío en Pontevedra: “ARISTIDES”⁸

VÍCTOR SAID ESCRITOR E XORNALISTA

Said Armesto foi un home que soubo moitas cousas e que soubo dicilas e escribilas, con beleza, con gracia, con sinxeleza e con emoción. ¿Que mellor e máis exacto eloxio podería facerse deste escritor que foi sabio, modesto e bo?⁹

¹ “Víctor Said Armesto” en *La Libertad* de Pontevedra do 23-7-1914 pág. 1

² “Víctor Said Armesto e o Concello” en *La Libertad* de Pontevedra do 23-7-1914 pág. 3

³ “Víctor Said Armesto” en *La Libertad* de Pontevedra do 22-7-1914 pág. 1

⁴ “Víctor Said Armesto” en *La Libertad* de Pontevedra do 23-7-1914 pág. 1

⁵ “Víctor Said Armesto (Datos para una biografía)” de M.E.Said Santoro. (Madrid, 1971) pág. 10-11

⁶ “El hogar de Saaid Armesto” de Álvaro de las Casas en ‘El Pueblo Gallego’ do 28-8-1935 pág. 9

⁷ Cartafol 1141, pág. 96 do Arquivo Diocesano, Santiago de Compostela.

⁸ “Indalecio Armesto: Filósofo, Republicano, Masón” X.Luis Barreiro Barreiro (Santiago 1991) pág.78


⁹ “Un gran gallego: Víctor Said Armesto” de Joaquín Pesqueira en *El Pueblo Gallego* do 10-11-1929 pág. 8

Ós oito anos coñécenselle os primeiros versos que foron impresos por orde da súa nai; cinco anos máis tarde publica un libro de poesías titulado “Estrofas”. Ós quince anos, e seguindo os pasos dos seus mentores (Constantino e Indalecio) funda a revista “La Guindilla”.

No ano 1887 publica unha noveliña titulada “Amor y celos”, e influído polo seu tío Indalecio tivo unha etapa dedicada ós problemas sociais e laborais que culminou coa publicación do libro “Análisis y ensayos”.²

A novela “Las almas locas” esgotada xa en 1900, ano en que sae á luz “La enseñanza filosófica” onde trata do sistema que debe seguirse para a ensinanza desta asignatura e do programa da mesma o que el denomina “breves consideracións”.

No 1908 apareceu, estando en León, a primeira edición de “La leyenda de Don Juan. Orígenes poéticos del Burlador de Sevilla” ensaio de grande carga erudita, impacto e difusión. Minucioso estudio sobre as orixes lexendario-literarias daquel “mozo disoluto, precoz e libertino” que planea sobre a modernidade europea para acadar unha nova dimensión no Burlador e o Convidado de Tirso e cuño romántico nos dramas de Byron e Zorrilla.³



A “Leyenda de D. Juan” xustamente gabada por todos, sobresaíndo polas súas reiteradas manifestacións nese sentido, o seu amigo Miguel de Unamuno. Hai que facer notar a súa proxección internacional ó ser traducida ó inglés, francés, alemán e italiano.⁴

“Tristán e a Literaruta rústica”(1911). Notas para o estudio da materia de Bretaña na poesía galega dos séculos XIII e XIV, a máis das edicións de “Las Mocedades del Cid” e “Los Cigarrales de Toledo”. Ó morrer, preparaba un romanceiro galego, unha antoloxía, varios estudos sobre os “Cancioneiros”, un vocabulario medieval e a edición dalgúns textos, entre eles, “os Miragres de Santiago”⁵

O xornalista Joaquín Pesqueira lémbrese: “Os seus comentarios críticos á obra do Padre ‘Martín Sarmiento’ e os seus ‘Comentarios sobre el Teatro Crítico del P. Feijó’ que deben estar entre os seus papeis inéditos, se, por desgracia, non llos roubaron, como outros, á súa respectable viúva dona Amadora Santoro, residente en Ribadavia -son dous voluminosos libros capaces de dar ó seu autor unha reputación mundial. Por ser seu discípulo e, en moitas ocasións, o seu emanuense,

¡Ave María Estrella!

De mi muerte en el fondo, incierta, extraña
Veo surgir su imagen soñadora,
Que entre gasas se tiñe y se colora
Del matiz de la nieve en la montaña.
De azul y rosa mi ilusión se baña;
Tibio fulgor mi pensamiento dora,
Y enciéndese en mi espíritu la aurora
diluyendo la bruma que le empaña.
¡Es el momento azul en que te evoco
Oh, santa Poesía!...en que apareces
Flotando en nimbos y opalinas galas,
¡Es el momento azul en que te invoco...
En que besos y lágrimas me ofreces
Y bañándome en luz, abres las alas.¹

VÍCTOR SAID

¹ Poema: “¡Ave María Estrella!” de Víctor Said Armesto en *La Libertad* de Pontevedra o 22-7-1915 páx. 1

² “Vida y obra de Víctor Said Armesto” de F. Díaz-Plaja (A Coruña, 1993) páx.38.

³ “Pontevedra en el espejo del tiempo” de Xosé Fortes Bouzán (Pontevedra 1995) páx. 335

⁴ “Víctor Said Armesto e o Concello” en “La Libertad” de Pontevedra o 23-7-1914 páx. 3

⁵ “Víctor Said Armesto (1871-1914)” por J. Filgueira Valverde. *Museo de Pontevedra*. Tomo XIX-1968 páx. 107-108

coñecemos todo o que o mestre escribiu ata 1908. Aínda despois, Víctor Said enviábanos a Buenos Aires frecuentes noticias relativas ós seus traballos e ás súas preocupacións. E lembramos de memoria, ‘Historia y evolución de la lengua galaico-portuguesa’. ‘Los Orígenes de D. Juan’ - publicada-, ‘Las leyendas del Rin y del Sil’, ‘Orígen vasco de la raza gallega autóctona’ -no que, en certo xeito, coincidía co erudito don Celso García de la Riega en ‘Noticias de Galicia Antigua’- ‘Estudio crítico e histórico dos poetas galegos dos Cancioneiros da Vaticana, Baena e Ajuda’, ‘biografía de Rosalía de Castro e análise da súa obra’- tan mal aproveitada por don Augusto González Besada no discurso de recepción da Real Academia Española.

‘Los poetas gallegos del siglo XIX’, etc.. E esas e outras obras que non lembro agora, son co que quedou inédito ó morrer o sabio....”¹

*Coma estilista adoptaba para cada asunto o estilo que consideraba máis conveniente.*²

Foi crítico literario no diario de Madrid ‘La Justicia: Verlaine, Daudet, Pierre Loti, Bourget, Barbey d’Aurevilly, Zola, Balart e Valle Inclán foron agudamente analizados pola súa pluma.

Colaborou, a parte dos nomeados, no ‘El Herald’, ‘La Gran Vía’, ‘La juventud Literaria’, ‘La Ilustración Española y Americana’ e outros xornais de Madrid. De Barcelona: ‘La Ilustración Artística’, ‘Barcelona Cómica’. De América: ‘El País’ da Habana; ‘La Nación’ de Buenos Aires. De Francia: ‘El Pabellón Nacional’. E nas revista ‘Blanco y Negro’, de Madrid; de Galicia, ‘Galicia Literaria’....³

A SÚA BIBLIOTECA

Said que desde neno viuse rodeado polos libros da casa familiar, tivo a grande sorte de atoparse coa posibilidade de utilizar a biblioteca -hoxe na Biblioteca Provincial de Pontevedra- dos Muruais (*aquel admirable espírito e belo talento, terror de “Clarín”, catedrático eximio que se chamou Jesús de Muruais*⁴) e, nela poder relacionarse e participar nas tertulias que alí se celebraban, coa élite cultural e política.

..Os seus anos pasounos devorando libros. Era todo cerebro, consumiu no estudio os seus nervios e músculos. Non comía, por ler, non durmía por ler, coñecía e sabía todo: historia, literatura, filosofía. Una biblioteca era o seu mellor recreo.⁵



VÍCTOR SAID NO SEU DESPACHO
MUSEO DE PONTEVEDRA

¹ “Un gran gallego: Víctor Said Armesto” de Joaquín Pesqueira en *El Pueblo Gallego* do 10-11-1929 páx. 8

² “Víctor Said Armesto (Datos para una biografía)” de M.E.Said Santoro. (Madrid, 1971) páx. 48

³ “Víctor Said Armesto (Datos para una biografía)” de M.E.Said Santoro. (Madrid, 1971) páx. 16-17

⁴ “Un gran gallego: Víctor Said Armesto” de Joaquín Pesqueira en *El Pueblo Gallego* do 10-11-1929 páx. 8

⁵ “Un xuízo de La Mañana” en *La Libertad* de Pontevedra do 13-8-1914

Os libros e Said vivían en simbiose, polo que xa en Madrid ou Cuñas tiña o seu ‘alimento do espírito’; proba disto témolo, cando falando da casa dos Santoro, Álvaro de las Casas nos dí no ano 1935... : *“Imos logo á casa nova -de Cuñas-, onde se conserva unha grande parte da biblioteca de Said Armesto. Cerca de tres mil volumes, anotados os máis deles, consérvanse neste recuncho de ser certa a sentencia -dime o que les e direiche como pensas- Said era un grande historiador feito polos clásicos para Galicia.*

Aquí están as ‘Cartas Eruditas’ e o ‘Teatro Crítico’ do P. Feijóo, ‘El regionalismo’ de Brañas dedicado a Jesús Muruais, as codiciadas ‘Monografías de Santiago’ de Neira de Mosquera, a ‘Historia de Grecia’ de Curtius, a de ‘Portugal’ de Oliveira Martins, a de ‘Roma’ de Víctor Duruy, a de ‘Galicia’ de Murguía, os primeiros tomos, xa imposibles de lograr, do ‘Boletín de la Comisión de Monumentos’, de Orense, ducias de títulos de Tolstoy, Ruskin, Daudet, Renan, Voltaire, Proudhon, Spencer, Teófilo Braga, Taine, Platón e a máis grande parte dos autores gregos, a colección de clásicos casteláns, Milá y Fontanals, Goethe, Balzac, Shakespeare, varias biblias e, entre elas, a de Scio, o ‘Tesoro de Romanceros’ de Eugenio de Ochoa, a edición do ‘Quijote’ de Manuel Martín (Madrid, 1777), Rafael M. de Labra, Menéndez Pelayo, as primeiras cousas de Azorín, centos de revistas magníficas, unha bela e luxosísima edición francesa de Ovidio. Plutarco, o conde de Toreno, Reclus, etcétera, etc., etc.

A máis grande parte dos libros, digo, están anotados ou subliñados e, polo valor das notas, creo de interese recoller algunhas. Na páxina 45 do tomo terceiro de ‘El idioma gallego de D. Antonio de la Iglesia (Canción d’ouroana)’ di:” sospeitosa; máis que iso apócrifa completamente”. Nos ‘Ordenamientos’ publicados na páxina 370 da ‘Colección Diplomática’, de Galicia Histórica di: “Documento escrito por un castelán, é algo como ‘En un tiempo cogí flores’, sabe o galego, pero mal”. Na 331, no testamento do conde de Monterrey, cando o conde manda “que o cura non teña cousa algunha” anota: “boa precaución”...

... Este tesouro bibliográfico está en venda e sería unha grande desgracia que se nos fose fóra de Galicia”¹.

Por sorte para a cultura do noso pobo as súas fillas fixeron doazón da súa Biblioteca e algunha das súas pertenzas -fotografías,...- ó Museo de Pontevedra. Este, garda celosamente tan rico herdo e ensíñanolo nunha sala que lle dedicou. E non soamente iso, senón que o facilita ó estudioso da obra de Said. Así mesmo, conmemorou o centenario do seu nacemento, publicou artigos de Said e doutros autores ou persoeiros que analizan a figura deste grande home.

A profesora da Universidade de Dijon (Francia), Eliane Lavaud-Fage, estudiou e catalogou este legado da familia Said Santoro e dinos: *“... non é verdadeiramente unha biblioteca, senón que ben parece que son dúas nunha: a do seu tío Indalecio Armesto e a súa propia. ...É unha biblioteca rica, sobre todo para a época. Consta de 2400 volumes, libros, case todos. Apenas hai xornais e son relativamente poucas as revistas.”²*

¹ “El hogar de SaidArmesto” de Álvaro de las Casas en *El Pueblo Gallego* do 28-8-1935 pág. 9

² “Esbozo de la figura de Víctor Said Armesto a través de su biblioteca” de E.Lavaud. *Museo Pontevedra*.

TEATRO

Cando tiña vinte anos debuta como dramaturgo, no “Teatro Liceo” de Pontevedra con grande éxito co entremés “Retoños al minuto”. En xuño de 1914 no “Teatro de la Zarzuela” de Madrid estreouse a zarzuela “La Flor de Agua”, musicada polo mestre Conrado del Campo e con libreto de Víctor. *É unha peza lírica que ten o encanto dunha balada de Ulbach. É, en sumo, a evocación dunha lenda do renacemento, o centro azul dunha princesa que logra atopar á fin o seu príncipe amado.*¹

Nunha carta datada en Marín, no verán de 1909 e dirixida ó mestre Conrado Said comentándolle que xa recibira a súa carta coa partitura de “La Flor del Agua” e que tras oír os temas musicados di: *“Estou marabillado. O primeiro motivo da trova é un abraio; toda a alma do pobo sona alí.... Todo iso que me manda é soberbio. O “Coro de Hadas” é precioso, precioso, precioso... En fin, amigo Conrado que é Vd. todo un home, e que temos en portas un éxitazo loco.”*²

De xeito tivo un grande éxito pero xa estaba tocado de morte pola enfermidade e como nos din os irmáns Álvarez Quintero *“os seus ollos pecháronse sen mirar en escea, representada e aplaudida, aquela “Flor de Agua”, tan bela, tan delicada, tan chea de doce poesía da súa terra galega.”*³



Escena do 1º cuadro o día do estreno
Museo de Pontevedra

MÚSICA

Tiña para a música e o debuxo excepcionais dotes e unha sensibilidade casi feminina, era frecuente velo chorar tocando o piano ou deterse a apuntar calquera graciosa nadería...⁴ Outros, como Sánchez de Castro, dirían que tocaba o piano como un profesional. O avogado D. Jesús Sánchez, lembra a Said nunhas festas de San Pedro de Leiro tocando ó piano maravillosos vals vieneses con singular maestría.⁵ Ou como diría o seu biógrafo Díaz-Plaja: *“O coñecemento que tiña Said da música permitíalle recoller, non soamente as letras das cancións populares, senón a súa música que pasaba á partitura sen a menor vacilación”*⁶

Porque ningún, ata hoxe, soubo en Galicia tanto coma el, de folklore, de epigrafía, de biografía, de literatura. de filosofía, de costumbrismo, de indumentaria de psicoloxía e de idiosincra-

Tomo XXVI- 1972 páx. 40

¹ “Víctor Said Armesto (Datos para una biografía)” de M.E.Said Santoro. (Madrid, 1971) páx. 53

² “La Flor de Agua de Víctor Said Armesto” por F.J. Sánchez Cantón. Separata. Tomo XVI do Museo de Pontevedra.

³ “Víctor Said Armesto (Datos para una biografía)” de M.E.Said Santoro. (Madrid, 1971) páx. 68

⁴ “Víctor Said Armesto (1871-1914)” por José Filgueira Valverde. Museo de Pontevedra. Tomo XIX-1968 páx. 106

⁵ “El hogar de Said Armesto” de Álvaro de las Casas en *El Pueblo Gallego* do 28-8-1935 páx. 9

⁶ “Vida y obra de Víctor Said Armesto” de F. Díaz-Plaja (A Coruña, 1993) páx.140

sia galega... A súa breve vida, vida austera, de crónica, pódese condensar en tres sinxelas palabras, estudiou, traballou, penou. Se a obra enciclopédica deste grande cerebro e polígrafo non houbese quedado case completamente inédita, causaríase lexítimo e natural abraio e a súa sona merecida, sería universal e persistente.¹

Na Biblioteca dos Muruais, foi onde coñeceu a D. Casto Sampedro y Folgar, director da Sociedade Arqueolóxica, xerme do Museo de Pontevedra, do que foi primeiro director, co que se iniciaría no mundo da investigación e da recolleita de información de todo o que dalgún xeito tivera interese para sentar as bases etnográficas do pobo galego. Moitas das veces algunhas destas informacións eran traballadas e relacionadas con outras culturas, tal como serve de exemplo as ‘Papeletas comparativas sobre danzas de espadas’ que polo seu interese e en homenaxe á memoria de Said editou o ‘Museo de Pontevedra’ na entrega nº 8 do cuarto trimestre no ano 1943.

De Madrid voltou a Galicia tódolos anos para facer excursións pola montaña polas beiramaras e polos arquivos. Eran excursións que como as do licenciado D. Perfecto Feijóo Poncel - iniciador e fomentador dos coros folklóricos galego- duraban dous ou tres meses, de aldea en aldea, de feira en feira, de romaría en romaría.² Recompila romances e cantares, con cada novo romance para o seu ‘Romancero’, nova canción para o seu ‘Cancionero’, nova palabra para o seu diccionario galego, nova lenda, farsa ou misterio encontrados, emociónase como un neno. A Academia de Bella Artes de San Francisco abriu un concurso para premiar a mellor colección de cantos.³ Presentou unha selección de material diverso que o Sr. Casto Sampedro, distintos contribuíntes e, sobre todo, el mesmo recompilara na Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Gañaron o primeiro premio a principios do 1911.

Morto Víctor Said, Sampedro completa as súas transcripcións e pon en limpo os materiais da súa “Colección C”, espallados e incompletos. reconstruídos e con estudio introductorio e bibliografía de Filgueira Valverde, foron publicados en 1942 pola Deputación de Pontevedra e reeditados en 1983 pola Fundación Barrié de la Maza.⁴

Curiosidades relacionadas coa música cítanolas De las Casas: ‘Pardo Osorio coñeceu en Madrid ensaiando, a mulleres e homes, a muiñeira de Maruxa; un labrego dime que frecuentemente, de noivo, chamaba á señorita Amadora con aturuxos da montaña, fortes e longos; outro encontrouno outra noite, polo camiño de Vieitez, cantando romanas a un gaitero vello co cal regresaba da festa de Beade, outro mirouno beilando na romaría de Cenlle a mellor ribeirana que viron ollos nados.’⁵



¹ “Un gran gallego: Víctor Said Armesto” de Joaquín Pesqueira en *El Pueblo Gallego* do 10-11-1929 pág. 8

² “Un gran gallego: Víctor Said Armesto” de Joaquín Pesqueira en *El Pueblo Gallego* do 10-11-1929 pág. 8

³ “Víctor Said Armesto (Datos para una biografía)” de M.E.Said Santoro. (Madrid, 1971) pág. 39

⁴ “Sampedro y Folgar, Casto” Enciclopedia Gallega .(X.F.V) pág. 189

⁵ “El hogar de Said Armesto” de Álvaro de las Casas en *El Pueblo Gallego* do 28-8-1935 pág. 9

OUTRAS GABANZAS E AMIZADES

• Curros Enríquez en carta dirixida a Manuel Murguía en 1905 propón o seu amigo, Víctor Said, como comisionado por Pontevedra para a creación e constitución da Real Academia Galega.¹ Lembramos que Víctor serve de intermediario entre o seu amigo e antigo veciño o bueuense, Manuel Antonio Bares Giráldez, e Curros Enríquez para que este último dira a súa opinión do que sería o primeiro libro de Bares, “*Prosa*” editado en Madrid no ano 1899.

• Cando en setembro de 1912, Miguel de Unamuno estivo en Bueu na casa de D. Manuel Antonio Bares Giráldez, acompañábo o seu amigo e discípulo Víctor Said Armesto. ¿Que mellor cicerone para ensinárlle as beleza da súa terra galega?² Víctor Said, que mantiña unha amizade e respecto con Unamuno xa de antes do ano 1897, fora o ‘culpable’ de que este, na contra da súa costume, aceptase ser mantedor dos “Juegos Florales” dese ano na vila de Pontevedra. O mesmo Unamuno, sete meses despois da súa morte diría del: “*Entre tanto vivirá nas súas obras; vivirá sobre todo nas almas dos que o coñecemos e quixemos -coñecelo era quere-lo-, dos que del aprendimos leccións, non só de ciencia, senón de notable dignidade de cidadán ceibe*”³


• O mesmo Benito Pérez Galdós dicía que *non podía apartar do seu pensamento a vigorosa personalidade literaria e a imaxe do desdichado, canto glorioso, Victor Said Armesto*, do que considerou a súa amizade *como unha das maiores venturas que o ceo me deparou na miña afanosa existencia*.⁴

• Cando a Marcelino Menéndez y Pelayo lle preguntan ¿Quen queda despois de vostede? El contestou: “*Todos están antes, pero sobre todos Victor Said Armesto*”⁵

• *Admirábame o seu espírito crítico, xusticieiro de persoas e cousas e o seu caluroso xeito de sentilas*.⁶

• “*Tal foi a vida breve, fecunda e sinxela deste home, a quen Teófilo Braga consultaba, a quen don ramón del Valle Inclán respectou, amou e admirou...*”⁷

• “*Era bo, intelixente, cariñoso...*” e moitos máis epítetos loables para a persoa de Said o ratifican e fan súas as máis grandes figuras da vida intelectual e política da época. *Benavente, Valle Inclán, Pérez de Ayala. Mesa, Cejador, la Pardo Bazán, Besada, Cobián, Vicente, Bello, Bonilla e*



Libro de M^a Eugenia Said Santoro

¹ “*Víctor Said y la cultura gallega*” de S. Martínez Risco (da R.A.G). *Museo de Pontevedra* T. XXVI-1972 páx. 47

² “*Unamuno en Bueu*” en *EL Adelanto* de Bueu do 8-9-1912 nº 3 páx. 1

³ “*Víctor Said Armesto (Datos para una biografía)*” de M.E.Said Santoro. (Madrid, 1971) páx. 68

⁴ M.E.Said Santoro. Op. cit. Páx. 57

⁵ M.E.Said Santoro. Op. cit. Páx. 26

⁶ “*Evocación de Víctor Said*” por Vicente García de Riego (da R. A. E. *Museo de Pontevedra*. T. XXVI-1972 páx. 50

⁷ “*Un gran galego: Víctor Said Armesto*” de Joaquín Pesqueira en *El Pueblo Gallego* do 10-11-1929 páx. 8

San Martín, Onís, Castro, Canedo e moitos máis o que valía el o que representaba Víctor Said Armesto.¹

• En palabras de Sánchez de Castro “O que é de admirar en Said Armesto é que todos estos triunfos non lle envaideceran. Os arrebatos de seu xenio impetuoso e vivo, fillos da súa alma fogosa e exaltada, non obedecen nin con moito un sentimento de loca vanidade, pois Said Armesto é a modestia andando; pero hai no seu temperamento meridional unha nota altiva fundada no sentimento da dignidade propia...”²


VÍCTOR SAID E A REAL ACADEMIA GALEGA

Ninguén mellor que Sebastián Martínez Risco, un dos presidentes da Real Academia Galega, para aclaralo erro que nalgún libro se di sobre a pertenza ou non de Said como membro de dita Academia: “Na reunión preparatoria da constitución da Academia celebrada o día 4 de setembro do ano 1905, no salón de actos da Casa Consulado de A Coruña, entreviú Víctor Said, que non puido ser elixido membro de número “por ausentarse de Galicia” como na acta de dita sesión se fai constar, coa salvedade de que “se volve á rexión, ocupará a primeira vacante”. Por tan xustificadas motivos, considera o noso rexio Instituto como algo propio, a lembranza de Víctor Said, xa que el colaborou no seu nacemento...”³

MORTE DE VÍCTOR SAID

Catro días antes da súa morte en *La Voz de Galicia* anunciábase, para finais de agosto, na “Reunión de Artesanos” de A Coruña “unha grande festividade literaria á que prestaron os seus servicios Vázquez Mella, Valle Inclán, Vincenti, Linares Rivas, **Said Armesto**, e distinguidos poetas rexionais.”⁴

Víctor, persoa que ó longo da súa vida sufriu a enfermidade nas súas carnes de xeito que o marcou no seu carácter, morre ás “4 da mañá do 17 de xullo de 1914” tal como escribiu o seu sogro no balcón que mira ó nacente da casa de Cuñas. Morreu na rúa León, preto da Academia da Historia, rachando a mañá... morreu retorcido en dores espantosas, cando aínda non cumprira os 43 anos. Arrodeábano nese momento a súa viúva e seis fillos pequenos aínda.”⁵



Recordatorio da morte de Víctor Said

¹ “Un juicio de *La Mañana*” en *La Libertad* de Pontevedra do 13-8-1914

² M.E.Said Santoro. Op. cit. Páx 12

³ “Víctor Said y la cultura gallega” de S. Martínez Risco (da R.A.G). *Museo de Pontevedra* T. XXVI-1972 páx. 47

⁴ “La Reunión de Artesanos” en *La Voz de Galicia* dop 3-7-1914 páx. 1

⁵ “El hogar de Said Armesto” de Álvaro de las Casas en ‘El Pueblo Gallego’ do 28-8-1935 páx. 9

Case tódolos xornais fixéronse eco dalgún xeito deste luctuoso acontecemento, máis foron os da súa rexión os que máis incidirón na grande perda para Galicia e para España:

*“Acaba de falecer en Madrid un pontevedrés insigne, honra e prez da cidade que o mirou nacer, porque Victor Said era xa unha indiscutible gloria nacional, e ó Concello de Pontevedra non se lle ocorreu levantar a sesión en sinal de dor, como proba de xeral sentimento que nesta po-boación produxo a prematura morte dun home de tanta valía e iso que figurou no partido republi-cano, e iso que era amigo de case tódolos que constitúen esa desatentada e acéfala maioría, e iso que a todos lles constaba o cariño que sentía pola súa terra,...”*¹

*O sentimento que nos embarga con motivo da morte dun amigo tan queridísimo, a magoa que nos causa a desaparición dun home honrado, bo, sabio, nunha palabra, dun home superior, non podemos expresala nestes momentos...”*²

Os mesmos xornais galegos facíanse eco e reproducían os doutras rexións: *“Víctor morre cando empezaba a recoller o froito dunha intensa vida de estudio... Con el, arrebatado ós corenta anos, vaise unha das nosas plumas máis sobrias e nutridas da ciencia literaria. De vivir longos anos produciría unha das obras máis consistentes da nosa crítica actual.*

*Espírito progresivo, liberal, radical amaba unha España consciente, traballadora e afanosa de verdadeira rexeneración. ¡Pobre Víctor!...”*³

Ó longo dos anos Víctor Said Armesto foi lembrado dun xeito non regular, ata case chegar ó esquecemento que nós dalgún xeito tentamos non se dea.

Os seus amigos de *La Libertad* non o esquecen e proclámanos: *Ó cumprirse o primeiro ani-versario da morte de pontevedrés tan ilustre, nos testimoniamos á súa viúva, ós seus fillos e a súa nai a expresión do noso verdadeiro sentimento... ¡Infeliz Víctor, arrebatado á vida en plena xuven-tude e en todo o vigor do seu poderoso intelecto!...”*⁴ É de destacar neste primeiro aniversario unha homenaxe, organizado por Jacinto Benavente, na que grandes amigos e persoeiros da cultura lle renderon no Ateneo madrileño.

“Pasaron xa tres anos e a súa memoria aínda está latente na nosa alma, porque non se pode esquecer a quen, como Víctor Said, unía as cualidades de pai amantísimo e amigo leal, un talento lúcido e un corazón nobre.

Tódolos que se honraron coa súa amizade, non poden por menos que acordarse con profun-da tristeza do día en que inexorable parca arrebatou de entre nós a tan querido amigo, que en pouco tempo chegou a ser unha das glorias da cidade que lle viu nacer.

*Morreu cando comezaba a demostrar o moito que valía, sendo unha grande perda para Es-paña, que quedou sen un dos seus máis ilustres fillos.”*⁵

¹ “Víctor Said Armesto y el Ayuntamiento” en *La Libertad* de Pontevedra do 23-7-1914 páx. 3

² “Víctor Said Armesto y el Ayuntamiento” en *La Libertad* de Pontevedra do 23-7-1914 páx. 1

³ “Víctor Said Armesto: Un juicio de *La Mañana*” en *La Libertad* de Pontevedra do 13-8-1914 páx. 1

⁴ “Víctor Said Armesto” en *La Libertad* de Pontevedra do 22-7-1915 páx. 1

⁵ “Un atardecer” en *La Libertad* de Pontevedra do 26-7-1917 páx. 1


Tamén neste 3º aniversario, o 3 de agosto de 1917, “*As Irmandades da Fala*”, de A Coruña, fixseronlle unha homenaxe, na que o seu amigo Francisco Tettamancy y Gastón pronunciou un emotivo discurso, máis tarde publicado con prólogo de Murguía e colofón de Carré Aldao.¹

“Seis anos fai que morreu aquel home nobre inxenioso galego que deixou inmortalizado o seu nome con obras como “*La leyenda de Don Juan*” e “*La Flor del agua*”, vivos aínda seus contemporáneos, xace inédita unha parte das interesantísimas creacións do estudioso e ínclito autor de luminosos traballos relativos ó ciclo trovadoresco galaico-portugués.”²

Víctor Said Armesto está enterrado en Madrid, sen que Galicia se preocupara aínda de rescatar o seu cadáver...³

Co gallo do centenario do seu nacemento, a súa filla M^a Eugenia Said Santoro dedicoulle un libríño titulado: *Victor Said Armesto (Datos para una Biografía)* Madrid-1971. Tamén o Museo de Pontevedra celebrou este centenario con diversos actos de exaltación da súa persoa e obra, que remataron coa publicación de artigos na revista do *Museo de Pontevedra* Tomo XXVI do ano 1972.

No ano 1993 baixo os auspicios da Fundación Pedro Barrie de la Maza, publícase o libro *Vida y obra de Víctor Said Armesto*, escrita por Fernando Díaz-Plaja.



Biografía de Víctor Said Armesto

PETICIÓN PARA RECOÑECER A FIGURA DE SAID ARMESTO

Carballeira e J. Pesqueira, o longo do tempo, manifestaron os seus desexos de recoñecemento deste ilústre paisano: “Victor Said Armesto é un home difícilmente esquecible. Xa noutra ocasión falamos do que hoxe volvemos a tratar. Que se lle dea o nome do eximio escritor a unha rúa desta vila.

Non imos aquí a discutir, nin interesa, se naceu en Bueu ou non o eminente polígrafo. Sabemos si, de certo, que viviu moito tempo neste pobo, onde case ninguén -sobranme os dedos dunha man para contalos- coñece conscientemente a valía e a obra deste malogrado literato que con Johan Viqueira, constitúe un plano no renacemento da cultura galega.



Pontevedra: Rúa Víctor Said Armesto

¹ “El hogar de Said Armesto” de Álvaro de las Casas en ‘El Pueblo Gallego’ do 28-8-1935 páx. 9

² “Said Armesto” de Antonio Valcarcel en *El Sol* de Madrid do 25-8-1920

³ “El hogar de Said Armesto” de Álvaro de las Casas en ‘El Pueblo Gallego’ do 28-8-1935 páx. 9

Desde onde escribo esta nota, diviso a casa onde habitou este esgrevio home, que apurou as horas na cruz do pensamento. Que viviu belamente a máis admirable das vidas; para a beleza e a verdade, dúas noivas ás cales a maioría dos mortais se prostitúen ou non entenden.

Vexo o pazo dos seus antergos e penso amargado no anónimo do seu xenio aquí. O que se di un forasteiro na súa patria... ¿Qué importa que Said Armesto escribira da arte e filosofía marabillosamente se para moitos señores que andan de gravata e presumen de “kultos” todo iso é fume de pallas ou gañas de toca-lo violín?. Así, a súa lembranza aquí é algo nebuloso e remotamente lonxano. E iso que ata agora Bueu non tivo no seu seo unha mentalidade tan recia e orixinal como a do autor de “Los Orígenes del Don Juan”...

En Pontevedra non sabemos se alguén se preocupou de que o nome de Said Armesto se mostrase á vista do pobo no corazón da cidade (Descoñecía Carballeira que desde o ano 1923 o antigo camiño de San Roque ás Corbaceiras chámase rúa de Víctor Said Armesto). Pero aquí compre facelo para non pasar por analfabetos. Tal vez estas liñas se perdan no beocio ambiente. Pero quizais alguén comprenda todo o formidable valor daquel que coa ferramenta-pluma tanto fixo pola cultura de Galicia.”¹

“Repetidas veces fixemos chamadas ó Concello de Bueu, pedindo para Víctor Said o romántico recordo de que unha das súas rúas levaran o seu nome. Este nome que ademais de ser un valor “per se”, sería para un Concello un canon e unha medida.”²

En sesión extraordinaria do Concello de Bueu do día 21 de marzo de 1936 baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Gómez de la Cueva (Johán Carballeira) propónse, entre outras cuestións a seguinte: “Que se varien os nomes de determinadas rúas e a tal efecto a de Pazos Fontenla denominarase de Víctor Said Armesto,....”

Sesión extraordinaria de 21 de marzo 1936.

En la Concejalía de Bueu a reunión de un grupo de mil vecinos los trinta y seis se reunieron los Srs. Concejales reunidos al quórum, bajo la presidencia del Sr. Alcalde D. José Gómez de la Cueva, siendo en primer lugar leído el acta, en efecto de celebrar sesión extraordinaria, y siendo la hora de diez y nueve y poca minutos, se declaró abierta al acto, siendo el acto de la apertura que así se hizo. Luego fueron igualmente leídas y discutidas algunas propuestas de los señores concejales, quedando la Concejalía cerrada de la discusión, quedando para el día siguiente la discusión de las propuestas.

Comezo da Acta da Sesión Extraordinaria onde se propuso o cambio de nome a algunhas rúas de Bueu

Unha vez máis Carballeira, nunha carta á prensa, solicita das autoridades puxesen unha placa no pazo do Casal na honra de Víctor Said e que a “Biblioteca isa municipal, que debería ir limpa de toda boralla literaria, imponse adequerir o ensaio “Los origenes de Don ,Juan”, ja pubricado...”³.

As nosas inquietudes e desexos xa foron expostos no prólogo; máis con respecto a estas últimas peticións e, ante a dificultade de adquirir a obra de Víctor Said obra, alomenos, desexariamos que estivese na Biblioteca Municipal fotocopiada ou microfilmada, para lembranza dun grande home e para poder ser lida polos estudantes e persoas de Bueu.

¹ “Said Armesto” de Johán Carballeira en *El Pueblo Gallego* do 4-5-1929 pág. 11

² “El recuerdo de Victor Said Armesto” de Johan Carballeira en *El Pueblo Gallego* do 5-7-1934 pág. 15

³ “Una carta de Johan Carballeira” en *El Pueblo Gallego* do 20-11-1927 pág. 15